



"¡CHEGAS, TODO CHEGO DE NEBÚA..."  
(Susi, Alacante)

[www.usc.gal/veterinaria](http://www.usc.gal/veterinaria)  
[www.usc.gal/snl](http://www.usc.gal/snl)



FACULTADE DE VETERINARIA



COMISIÓN  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

"¡VETERINARIA PÁRÉCEME  
ACOLLEDORA E FAMILIAR!"  
(Mario, Madrid)

"NÚMERO DE  
FOLLAS???"  
(Andrea, Santander)

♥ #lugo ♥ #galego  
#cambiaatúamirada



Acabas de chegar a Lugo, a cursares Veterinaria  
se cadra, moi lonxe da túa familia e amizades  
se cadra, non coñeces a ningún  
se cadra, unha cidade moi pequena para ti  
se cadra, con néboa  
se cadra, non entendas

Mais, como fixeron Iris, Mario, Susi, Andrea, Óscar e Nuria, que tamén viñeron de fóra a estudar Veterinaria a Lugo, axiña vas cambiar a túa mirada:

Vas facer novas amizades e crearte  
unha segunda familia.  
Vas collerlle o gusto a pasear pola muralla ou á beira do Miño, ao polbo do San Froilán, ás tapas dos viños.  
Vas afacerte a que todo estea perto e poder dormir un chisco máis ás mañás.  
Vas adorar os gorros, as bufandas, as luvas e o paraugas (mais vas seguir pensando que Lugo ten un clima... discutible).  
Vas repetir seguido *riquiño, e logo? e malo será!*

**Descubre as experiencias de Iris, Mario, Susi, Andrea, Óscar e Nuria!**

Se vés de fóra...  
**#cambiaatuamirada**  
**#lugo**  
**#galego**



# "QUE SABÍA DE LUGO? POLBO, VINO, MARISCO..."

(Susi, Alacante)

**E**n Galicia hai dúas linguas oficiais, galego e castelán. O galego é lingua propia da Universidade de Santiago, segundo os nosos Estatutos.

Na docencia, nas aulas, nas prácticas, tanto o profesorado como o alumnado ten o dereito a utilizar libremente calquera das dúas linguas. E ninguén ten a obriga de cambiar de lingua, galego ou castelán, nas actividades académicas.

Se vés de fora e non entendas algo en galego, o teu profesorado e os teus compañeiros e compañeiras vanse esforzar por explicarcho e ti vas acabar entendendo todo rápido e sen problemas.

Esa é a experiencia que acreditan Iris, Mario, Susi, Andrea, Óscar e Nuria, e que podes ver nos vídeos.

Ti tamén podes corresponder, esforzarte un pouquiño. Interésate polo galego, na facultade e na cidade.

Di graciñas e recibirás agradecemento. Non teñas medo de aprender unha nova lingua, e menos o galego: é moi parecida á túa e descubrirás –xa estás descubrindo– que podes entender moito máis do que cres, mais ainda tendo unha educación universitaria! Aprender, entender unha lingua nova non che vai quitar a túa. E a USC ofréceche facilidades: os cursos de lingua para non galegalantes, vocabularios, recursos, actividades extra-académicas...

E pide que che falen en galego, explica que queres aprender, que non te exclúan. As galegas e galegos, a custa de perder o noso propio idioma, somos moi dados a falar en castelán en canto hai alguén de fóra ou pensamos que non nos entenden.

E por que non habías acabar entendéndoo?

«Os idiomas non separan, axudan a crear grupo», explica Nuria no vídeo. Usade os idiomas como apego. E ti, que es galegalante, ofrece apego para acoller os teus compañeiros e compañeiras de fóra na nosa lingua.

♥ #lugo ♥ #galego  
**#cambiaatuamirada**